

# **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

## **MÚSICA 3º ESO**



**CPI Plurilingüe Cabo da Area**

**DEPARTAMENTO DE MÚSICA**

**Gonzalo Suárez Rodríguez  
2021-2022**

## ÍNDICE

<b>1.</b>	<b>INTRODUCCIÓN DA MATERIA E CONTEXTUALIZACIÓN.....</b>	<b>4</b>
<b>2.</b>	<b>OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA.....</b>	<b>5</b>
<b>3.</b>	<b>CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....</b>	<b>7</b>
<b>4.</b>	<b>ELEMENTOS CURRICULARES. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA.....</b>	<b>9</b>
	<b>4.1 Contidos distribuídos por unidades didácticas/temas</b>	
	<b>4.2 Temporalización</b>	
	<b>4.3 Mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva</b>	
	<b>4.4 Procedementos e instrumentos de avaliación</b>	
<b>5.</b>	<b>METODOLOXÍA.....</b>	<b>27</b>
	<b>5.1. Metodoloxía específica da materia</b>	
<b>6.</b>	<b>MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .....</b>	<b>32</b>
	<b>6.1 Materiais</b>	
	<b>6.2 Outros recursos didácticos</b>	
<b>7.</b>	<b>CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN....</b>	<b>36</b>
	<b>7.1 Períodos de avaliación</b>	
	<b>7.1.1. Avaliación ordinaria</b>	
	<b>7.1.2. Avaliación extraordinaria</b>	
	<b>7.2 Criterios de cualificación</b>	
<b>8.</b>	<b>INDICADORES PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....</b>	<b>38</b>
<b>9.</b>	<b>PROGRAMA DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.....</b>	<b>39</b>
	<b>9.1. Materia durante o curso</b>	
	<b>9.2. Materias pendentes doutros cursos</b>	
<b>10.</b>	<b>PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.....</b>	<b>40</b>

<b>11. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR.....</b>	<b>40</b>
<b>12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....</b>	<b>41</b>
<b>12.1. Alumnado de altas capacidades intelectuais</b>	
<b>13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS DA PROGRAMACIÓN.....</b>	<b>44</b>
<b>13.1. Programación de educación en valores</b>	
<b>13.2. Tratamento do fomento da lectura</b>	
<b>13.3. Tratamento do fomento das TIC</b>	
<b>13.4. Tratamento do fomento da convivencia no centro</b>	
<b>13.5. Contribución da materia ao proxecto lingüístico</b>	
<b>14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....</b>	<b>47</b>
<b>15. PROCEDEMENTOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.....</b>	<b>48</b>

# PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE MÚSICA

## 3º ESO

### 1. Introducción e contextualización.

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez máis numerosas fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como internet, os dispositivos móbiles, os reprodutores de son e os videoxogos. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica.

A materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Transcendendo estes valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar música en conxunto. Por outra parte, é interesante fomentar actitudes emprendedoras que acheguen o alumnado ás diferentes profesións no ámbito musical e non musical.

Esta materia fomenta as actividades colaborativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional.

O estudo desta materia parte dos coñecementos previos adquiridos polo alumnado na educación primaria e do seu desenvolvemento evolutivo, afondando con

elementos que, dado o seu nivel de abstracción, deben abordarse neste momento de desenvolvemento do alumnado.

Entre outros, é obxectivo desta materia dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais, unha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade. Tamén se lle outorga un papel importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.

Os elementos do currículo básico organizáronse en catro bloques, moi relacionados entre si, que comparten múltiples elementos: "Interpretación e creación" integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical, o que permitirá ao alumnado participar da música dunha forma activa; "Escoita" pretende crear a primeira actitude fundamental cara a esta arte e dotar o alumnado das ferramentas básicas para gozar dela a través da audición e a comprensión do feito musical; "Contextos musicais e culturais" relaciona a música coa cultura e a historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e galego, e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico básico; e finalmente, "Música e tecnoloxías" pretende abranguer o coñecemento e a práctica da interacción entre música e novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, polo que se pretende xerar unha vinculación entre a linguaxe tecnolóxica que utiliza habitualmente e a música dentro da aula.

Xa como remate, vese necesario resaltar a importancia do uso dunha metodoloxía adecuada a este enfoque curricular, que posibilite que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, traballando de xeito colaborativo, onde a práctica e a vivencia do feito musical sexa real e relevante para o alumnado, para a comunidade educativa e para o contorno social.

## **2. Obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria.**

A materia de Música contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas da Educación Secundaria Obrigatoria as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

*i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.*

*(Non aparece reflectido no documento base da lei, mais habitualmente trabállanse en Música textos noutras linguas, amen de que os termos musicais soen estar en lingua italiana).*

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e

respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

*o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.*

*(Non aparece reflectido no documento base da lei, mais creo que, nunha terra que aportou compositores coma Martím Códax, Afonso X O Sabio –Rei de Castela cunha importante e imprescindible achega en galego-portugués ao patrimonio da música medieval en particular, e histórico-mundial en xeral- ou Juan Montes Capón, entre outros; nunha terra cunha importante cultura musical tradicional, popular ou erudita, mais que non esquece as novas correntes que aparecen, trocan e se mesturan coas xa existentes; nunha terra na que o contacto musical e cultural cos veciños portugueses e outras comunidades lusófonas está á orde do día, con constantes proxectos de creación, difusión e re-interpretación; o aporte da Música a este obxectivo da Ensinanza Secundaria Obrigatoria está fóra de toda dúbida).*

### **3. Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave.**

A materia de música contribúe de forma directa á adquisición da *conciencia e expresións culturais* (CCEC) en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través de experiencias perceptivas, expresivas e do coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e estilos. Pode potenciar así, actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico os que se circunscribe cada obra.

Colabora ao desenvolvemento do *sentido de iniciativa e espírito emprendedor* (CSIEE), mediante o traballo colaborativo e a habilidade para planificar e xestionar proxectos. A interpretación e a composición son dous claros exemplos de actividades que requiren dunha planificación previa e de toma de decisións para obter os resultados desexados. Por outra banda, naquelas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, sendo estes factores clave para a adquisición desta competencia. Non pode esquecerse tampouco que a organización e realización de actividades musicais no centro escolar require a utilización de habilidades sociais para traballar en equipo coa fin de levar a cabo un proxecto común: poñerse no lugar doutro, valorar as ideas dos demais, dialogar, negociar e traballar de forma cooperativa e flexible para un ben común.

A música contribúe tamén ás *competencias sociais e cívicas* (CSC). A participación en actividades musicais e de movemento de distinta índole, especialmente as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias colectivas, musicais e de movemento da a oportunidade de

expresar ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as súas propias accións coas doutros integrantes do grupo responsabilizándose na consecución dun resultado.

A toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa contribución á sociedade en que vivimos, fomentando a valoración das distintas achegas e a percepción da progresiva fusión de estilos e culturas que se está a realizar nesta arte. A reflexión sobre a presenza incesante da música nas nosas vidas, sobre o uso que dela se fai na publicidade e noutros medios como elemento de manipulación emotiva, e sobre o seu papel na economía e na creación de novas profesións, desenvolve a valoración crítica e a comprensión da realidade.

A música tamén contribúe de xeito directo ao desenvolvemento do tratamento da información e da *competencia dixital* (CD). O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación do son relacionados, entre outros, coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer.

Ademais a obtención de información musical require de destrezas relacionadas co tratamento da información aínda que desde esta materia, merece especial consideración o uso de produtos musicais e a súa relación coa distribución e os dereitos de autor.

A música tamén contribúe ao desenvolvemento da *competencia para aprender a aprender* (CAA), potenciando capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, a concentración e a memoria, á vez que desenvolve o sentido da orde e da análise.

Respecto á *competencia en comunicación lingüística* (CCL), a música contribúe, do mesmo xeito que outras áreas, a enriquecer os intercambios comunicativos, e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico. Tamén colabora coa integración da linguaxe musical e da linguaxe verbal e coa valoración do enriquecemento que a dita interacción xera.

Dende o punto de vista do coñecemento e a interacción co mundo físico a música realiza a súa achega á mellora da calidade do ambiente identificando e reflexionando sobre o exceso de ruído, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música, co fin de xerar hábitos saudables. Ao mesmo tempo os contidos relacionados co uso terapéutico da música ou co uso correcto da voz e do aparello respiratorio, non só para conseguir resultados musicais óptimos, senón tamén para previr problemas de saúde, inciden no desenvolvemento desta competencia.



A pesares de non vir reflectido no documento base da lei, a música tamén contribúe á *competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía* (CMCCT), xa que pon en evidencia a necesidade do manexo de principios matemáticos para a comprensión dos elementos básicos da linguaxe musical: a relación entre as distintas figuras, o compás, o timbre ou as agrupacións dos sons en distintos tipos de escalas. Por outra parte non podemos esquecer a relación que teñen coas matemáticas e a física correntes musicais como a música aleatoria, algorítmica, a estocástica e a fractal.

#### 4. Elementos curriculares. Estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia.

Música. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Interpretación e creación				
▪ n	▪ B1.1. Repaso dos elementos da representación gráfica da música.	▪ B1.1. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	▪ MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	▪ CCEC
▪ n ▪ b	▪ B1.2. Textura.	▪ B1.2. Analizar e comprender o concepto de textura e recoñecer, a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de textura.	▪ MUB1.2.1. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.	▪ CCEC ▪ CAA
▪ n ▪ b	▪ B1.3. Procedementos compositivos e formas de organización musical.	▪ B1.3. Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.	▪ MUB1.3.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.	▪ CCEC
▪ m ▪ c ▪ d	▪ B1.4. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da	▪ B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das	▪ MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas	▪ CAA ▪ CCEC

<b>Música. 3º de ESO</b>				
<i>Obxectivos</i>	<i>Contidos</i>	<i>Criterios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>	<i>Competencias clave</i>
	<p>danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.</li> <li>▪ B1.6. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.</li> <li>▪ B1.7. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.</li> <li>▪ B1.8. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.</li> <li>▪ B1.9. Fomento da sensibilidade estética desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música.</li> </ul>	<p>capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo, e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.</p>	<p>e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.</li> <li>▪ MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.</li> <li>▪ MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.</li> <li>▪ MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.10. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións a partir</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Amosar interese polas actividades de composición, e improvisación e amosar respecto</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

<b>Música. 3º de ESO</b>				
<i>Obxectivos</i>	<i>Contidos</i>	<i>Criterios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>	<i>Competencias clave</i>
	da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula	polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.11. Práctica, creación, memorización e interpretación de pezas musicais en grupo, aprendidas a través da lectura de partituras con diversas formas de notación.</li> <li>▪ B1.12. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/ á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/ á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

<b>Música. 3º de ESO</b>				
<i>Obxectivos</i>	<i>Contidos</i>	<i>Criterios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>	<i>Competencias clave</i>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>n</li> <li>b</li> <li>e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.13. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.7. Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.7.1. Amosa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB1.7.2. Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CAA</li> </ul>
Bloque 2. Escoita				
<ul style="list-style-type: none"> <li>m</li> <li>n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos e das agrupacións vocais e instrumentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Identificar e describir os instrumentos e voces e as súas agrupacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.</li> <li>B2.3. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB2.2.1. Le e analiza partituras como apoio á audición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Aplicación de estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a interpretación e a creación musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. Audición,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Recoñecer</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MUB2.4.1. Amosa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>

<b>Música. 3º de ESO</b>				
<i>Obxectivos</i>	<i>Contidos</i>	<i>Criterios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>	<i>Competencias clave</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ n</li> <li>▪ g</li> </ul>	<p>análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e as composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.6. Música en vivo: concertos e outras manifestacións musicais, da propia cultura musical e de outras. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.</li> </ul>	<p>auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias.</p>	<p>interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.</p>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.</li> <li>▪ B2.8. Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento intercultural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación e variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.5.1. Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.5.2. Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB2.5.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<b>Bloque 3. Contextos musicais e culturais</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. A música ao</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Realizar</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.1.1. Expresa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>

<b>Música. 3º de ESO</b>				
<i>Obxectivos</i>	<i>Contidos</i>	<i>Criterios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>	<i>Competencias clave</i>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> </ul>	<p>servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.</li> </ul>	<p>exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.</p>	<p>contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.1.2. Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> <li>▪ n</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.</li> <li>▪ B3.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Demostrar interese por coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.2.1. Aмосa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

<b>Música. 3º de ESO</b>				
<i>Obxectivos</i>	<i>Contidos</i>	<i>Criterios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>	<i>Competencias clave</i>
	manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas.	épocas da historia musical.	épocas da historia da música correspondentes.	
▪ n	▪ B3.8. Épocas da historia da música: características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura e interpretación de pezas ou fragmentos das distintas épocas.	▪ B3.4. Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música.	▪ MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.	▪ CCEC ▪ CSC
			▪ MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.	▪ CCEC ▪ CCL
▪ h ▪ n ▪ g	▪ B3.9. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.	▪ B3.5. Valorar a asimilación e empregar algúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou falar de música.	▪ MUB3.5.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.	▪ CCL
			▪ MUB3.5.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.	▪ CCL
▪ g ▪ n ▪ e	▪ B3.10. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical ao longo da historia.	▪ B3.6. Amosar interese e actitude crítica pola música, os concertos en vivo e as propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores ao longo da historia.	▪ MUB3.6.1. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.	▪ CD
			▪ MUB3.6.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais	▪ CAA

<b>Música. 3º de ESO</b>				
<i>Obxectivos</i>	<i>Contidos</i>	<i>Criterios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>	<i>Competencias clave</i>
			propias.	
	Bloque 4. Música e tecnoloxías			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.</li> <li>▪ B4.2. Aplicación de diferentes técnicas de gravación para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.</li> <li>▪ B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.</li> <li>▪ B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e na gravación de pezas musicais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e dos procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións audiovisuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.</li> <li>▪ MUB4.1.2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

### Aprendizaxes imprescindíbeis non adquiridas durante o curso 2020/2021

Existen aprendizaxes imprescindíbeis que non se impartiron no curso 2020/2021, e polo tanto incorpóranse na programación desta materia. O seu desenvolvemento farase con un enfoque



competencial, integrándose ao longo da docencia de toda a materia. Estas aprendizaxes son:

#### Tema 7: MÚSICA E TECNOLOXÍA

- MUB3.3.4. Contribúe á conservación do patrimonio musical galego colaborando na recollida, na gravación de pezas e na transcripción de pezas.
- MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías.
- MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.
- MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.

Os criterios de avaliación asociados a estes estándares de aprendizaxe pódense consultar na programación didáctica da materia de Música de 2º de ESO.

#### 4.1. Contidos distribuídos por temas.

#### *Tema 0: Reforzo/Recuperación aprendizaxes 2020/2021*

- Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.
- Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.
- Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.
- Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.
- Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.
- Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.
- Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.
- O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.

#### *Tema 1. Interpretación e creación.*

- Repaso dos elementos da representación gráfica da música.

- Textura.
- Procedementos compositivos e formas de organización musical.
- Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.
  - Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
  - Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.
  - Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.
  - Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.
  - Fomento da sensibilidade estética desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música.
  - Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula.
  - Práctica, creación, memorización e interpretación de pezas musicais en grupo, aprendidas a través da lectura de partituras con diversas formas de notación.
  - Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.
  - Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.

## *Tema 2. Escoita.*

- Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos e das agrupacións vocais e instrumentais.
  - Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.
  - Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.
  - Aplicación de estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a interpretación e a creación musical.
  - Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e as composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais.
  - Música en vivo: concertos e outras manifestacións musicais, da propia cultura musical e de outras. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.
  - Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.
  - Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento intercultural.

### *Tema 3. Contextos musicais.*

- A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.
- Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.
- Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.
- O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.
- Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas.
- Épocas da historia da música: características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura e interpretación de pezas ou fragmentos das distintas épocas.
- Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.
- Recollida de información, valoración e exposición do feito musical ao longo da historia.

### *Tema 4. Música e tecnoloxías.*

- Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.
- Aplicación de diferentes técnicas de gravación para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.
- Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.
- Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e na gravación de pezas musicais.
- Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.

## **4.2. Temporalización.**

### *1ª avaliación*

- A Idade Media.  
O son. As calidades do son. Representación gráfica. Os compases.  
O canto gregoriano. Música profana medieval. Lírica galaico-portuguesa. Os inicios da polifonía.

Interpretación instrumental e/ou vogal de obras do período con frautas e instrumental Orff.

Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais do período.

Composición de pequenas cantigas de amor e amigo partindo dun texto creado polos alumnos.

Compositores medievais: Afonso X O Sabio, Martím Códax, Hildegard von Bingen.

Os instrumentos nos códices de Afonso X. Os instrumentos pétreos. Instrumentos primitivos galegos.

· O Renacemento.

Plicas. Figuras e silencios. Ritmo: semicorcheas. Anacruse. Signos de repetición. A música vogal e instrumental no Renacemento.

Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais do período, diferenciando a textura e a polifonía deste período con respecto á Idade Media.

Interpretación instrumental e/ou vogal de obras do período.

Interpretación dunha danza renacentista (pavana) en grupo.

Compositores do Renacemento: Josquin Des Près, Juan Del Enzina, Antonio De Cabezón, G.P. Palestrina.

Instrumentos do Renacemento. A vihuela.

· O Barroco.

Liñas adicionais. Signos de repetición. Signos de prolongación. Síncopas.

A música vogal e instrumental no Barroco. A monodia acompañada e a ópera.

Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais do período.

Interpretación instrumental e/ou vogal de obras do período.

Compositores do Barroco: A. Vivaldi, J.S. Bach, J.B. Lully, G.F. Haendel, Gaspar Sanz, J.B. Cabanilles.

Instrumentos do Barroco.

*2ª avaliación*

· O Clasicismo.

A altura do son. Ritmos. A melodía. A tonalidade.

A música instrumental no Clasicismo: a sonata, a sinfonía e o concerto.

A ópera no Clasicismo.

Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais do período.

Interpretación instrumental e/ou vogal de obras do período.

Interpretación dunha danza clásica (minueto) en grupo.

Compositores do Clasicismo: W.A. Mozart, F.J. Haydn, L. van Beethoven.

Nacemento da orquestra. A orquestra no período clásico.

· O Romanticismo.

O compás de 6/8. Outros compases.

A música instrumental no Romanticismo. Formas solísticas e orquestrais: a sinfonía, a música programática e o poema sinfónico. Música de cámara. O piano.

A música vogal no Romanticismo. O lied. A ópera. A zarzuela.

Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais do período.

Interpretación instrumental e/ou vogal de obras do período.

Interpretación dunha danza romántica (Danza nº3 de Brahms) en grupo, e/ou dun vals.

Compositores do Romanticismo: F. Chopin, F. Mendelssohn, F. Liszt, H. Berlioz, J. Brahms, G. Mahler, C. Saint-Saëns, R. Strauss, F. Schubert, R. Schumann, R. Wagner, G. Verdi.

A orquestra no Romanticismo.

· O Nacionalismo.

Intervalo. As escalas/graos. Os acordes.

A música nacionalista.

Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais do período.

Interpretación instrumental e/ou vogal de obras do período.

Compositores nacionalistas: P.I. Tchaikovsky, B. Smetana, Manuel de Falla, A. Dvorák, I. Albéniz, E. Granados, E. Grieg. H. Villa-lobos.

Compositores galegos do XIX: Andrés Gaos, Marcial del Adalid, Juan Montes.

### *3ª avaliación*

· O Impresionismo.

O acompañamento. Ritmo: o tresíño.

A música impresionista.

Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais do período.

Interpretación instrumental e/ou vogal de obras do período.

Compositores impresionistas: C. Debussy.

· O Século XX.

Escalas cromáticas. Semitón diatónico e cromático. Notas de adorno.

O Dodecafonismo. O Neoclasicismo. Correntes musicais despois da II Guerra Mundial (serialismo, música concreta, música electrónica, música electroacústica, música aleatoria, música estocástica, música minimalista, vangardas españolas...). Incidencia das novas tecnoloxías.

Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais do período.

Interpretación instrumental e/ou vogal de obras do período.

Compositores do século XX.

A orquestra no século XX e na actualidade.

· Música e medios de comunicación: o son gravado, a música no cine, radio e televisión.

O son gravado. Evolución histórica e diferenzas entre os diferentes formatos.

A música no cine, radio e televisión.

Interpretación instrumental de pezas de programas de televisión, series...

*Non se fai referencia ao “Tema 0” que recolle os contidos do curso anterior, pois o seu tratamento será transversal ao longo de todo o curso.*

### **4.3. Mínimos esixibles para unha avaliación positiva.**

#### *1ª avaliación*

· A Idade Media.

O son. As calidades do son. Representación gráfica. Os compases.

Interpretación instrumental e/ou vogal de obras do período con frautas e instrumental Orff.

Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais do período.

Compositores medievais: Afonso X O Sabio, Martín Códax.

Instrumentos primitivos galegos.

· O Renacemento.

Plicas. Figuras e silencios. Ritmo: semicorcheas. Anacruse. Signos de repetición.

Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais do período, diferenciando a textura e a polifonía deste período con respecto á Idade Media.

Interpretación instrumental e/ou vogal de obras do período.

Compositores do Renacemento: Josquin Des Près, Juan Del Enzina, Antonio De Cabezón, G.P. Palestrina.

Instrumentos do Renacemento.

· O Barroco.

Liñas adicionais. Signos de repetición. Signos de prolongación. Síncopas.

Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais do período.

Interpretación instrumental e/ou vogal de obras do período.

Compositores do Barroco: A. Vivaldi, J.S. Bach, G.F. Haendel.

Instrumentos do Barroco.

### *2ª avaliación*

· O Clasicismo.

A altura do son. Ritmos. A melodía. A tonalidade.

Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais do período.

Interpretación instrumental e/ou vogal de obras do período.

Compositores do Clasicismo: W.A. Mozart, F.J. Haydn, L. van Beethoven.

A orquestra no período clásico.

· O Romanticismo.

O compás de 6/8. Outros compases.

Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais do período.

Interpretación instrumental e/ou vogal de obras do período.

Compositores do Romanticismo: F. Chopin, F. Liszt, H. Berlioz, G. Mahler, F. Schubert, R. Wagner, G. Verdi.

A orquestra no Romanticismo.

· O Nacionalismo.

Intervalo. As escalas/graos. Os acordes.

Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais do período.

Interpretación instrumental e/ou vogal de obras do período.

Compositores nacionalistas: P.I. Tchaikovsky, Manuel de Falla, A. Dvorák, E. Grieg. H. Villa-lobos.

Compositores galegos do XIX: Juan Montes.

### *3ª avaliación*

· O Impresionismo.

O acompañamento. Ritmo: o tresíño.

Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais do período.

Interpretación instrumental e/ou vogal de obras do período.

Compositores impresionistas: C. Debussy.

· O Século XX.

Escalas cromáticas. Semitón diatónico e cromático. Notas de adorno.

Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais do período.

Interpretación instrumental e/ou vogal de obras do período.

Compositores do século XX.

A orquestra no século XX e na actualidade.

· Música e medios de comunicación: o son gravado, a música no cine, radio e televisión.

O son gravado. Evolución histórica e diferenzas entre os diferentes formatos.

Interpretación instrumental de pezas de programas de televisión, series...

#### **4.4. Procedementos e instrumentos de avaliación.**

##### *Que avaliar*

A adopción dun plantexamento curricular aberto e flexible para a elaboración do currículo fai que a información que orienta a avaliación, así como as decisións que se deben tomar a este respecto, aparezan claramente distribuídas nos seus tres niveis de concreción.

Nun primeiro nivel atopamos como referentes da avaliación os obxectivos educativos e os criterios de avaliación que se encontran no currículo. Os primeiros non son propiamente avaliábeis, pois trátase de capacidades moi xerais. No caso dos segundos -os criterios de avaliación- establécese o tipo e grado de aprendizaxe que se espera que os alumnos teñan alcanzado respecto a esas capacidades, polo que se converten en puntos sobor os que hai que incidir á hora de determinar o que hai que avaliar. Os criterios de avaliación orientan na elaboración de proxectos e son un instrumento de avaliación normativa e un elemento que facilita a avaliación sumativa. Ademais provocan a homologación do alumnado ó procurar a consolidación en tódalas mesmas experiencias educativas esenciais.

No proxecto curricular, como segundo nivel de concreción, débense incluír os criterios de avaliación para o área correspondente, axeitándoos en todo momento ás necesidades e particularidades do alumnado do centro. Ademais, este segundo nivel inclúe a secuenciación tanto por ciclos como por cursos de estes mesmos criterios de avaliación.

Finalmente, no terceiro nivel de concreción, é dicir, as programacións de aula, tomaremos para cada unidade didáctica os criterios de avaliación da área e ciclo correspondentes que nos axuden a conseguir o suficiente criterio para coñecer se o alumnado chega a cumprir os obxectivos de dita unidade.

##### *Cando avaliar*

Na avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe pódense distinguir tres formas que se complementan entre si: avaliación inicial, avaliación continua e avaliación sumativa.

· Avaliación inicial: revisión dos coñecementos previos do alumno.



· *Avaliación continua:* axuste da actividade pedagóxica, segundo a información que se vaia recollendo sobor o cumprimento dos obxectivos previstos en cada espazo de tempo por parte do alumnado.

· *Avaliación sumativa:* a avaliación debe ter en conta a marcha do proceso de aprendizaxe e a asimilación progresiva dos coñecementos ó longo do tempo da avaliación. A avaliación sumativa infórmanos sobor o estado de evolución das capacidades dos alumnos nun momento determinado do proceso educativo. Esta información debe ser utilizada para axustar a axuda pedagóxica en intervencións posteriores, co cal estará cumprindo a función de avaliación inicial.

Nun momento determinado farase necesario coñece-la medida en que se teñen alcanzado as intencións educativas que concretan os obxectivos e contidos para cada un dos períodos da etapa. A avaliación destes resultados debe realizarse de forma global, integrando información procedente dos tres aspectos da avaliación: inicial, formativa e sumativa.

### *Procedementos avaliativos*

O carácter cooperativo da maioría dos traballos de música fai funcionar con especial eficacia dous instrumentos de avaliación: a observación sistemática do profesor e a elaboración do caderno de clase por parte dos alumnos.

#### *A observación*

O profesor debe dotarse dun indicadores para observar o desenvolvemento persoal das capacidades dos alumnos que, na maior parte das situacións, ten lugar no seo de traballos grupais. En función das decisións tomadas no proxecto de etapa e na programación acerca do que ensinar en cada un dos ciclos, o profesor podería elaborar follas de seguimento que lle permitan realizar unha observación sistemática.

En liñas moi xerais poden suxerirse algúns indicadores para realizar unha observación eficaz:

- As capacidades de ámbito expresivo poden observarse a través de actividades en onde a música funcione en grupo. Na observación das habilidades e destrezas o profesor debe establecer unha xerarquía e en orden a ela adecua-las prioridades, xa que, con frecuencia, uns erros arrastran a outros e, viceversa, o logro nun ámbito expresivo coloca no seu sitio múltiples destrezas.

- As capacidades auditivas, anque se encontren máis ocultas, son observables a través das mesmas actividades de expresión (moitos fallos na interpretación vogal ou instrumental proveñen dun error na escoita); nas actividades de audición, a través do grado de aceptación do silencio marco da actividade, que pode manifestarse en actitudes de predisposición, atención...; a través do uso apropiado da terminoloxía musical no transcurso da discusión ou o debate, ó termino da actividade.

- No ámbito da linguaxe musical pódese observa-la capacidade de expresar conceptos musicais de novo a través do uso apropiado da terminoloxía.

- No ámbito dos traballos en grupo pode observarse a colaboración, o respecto polo traballo dos demais...

#### *Outros procedementos*

O seguimento de traballos, o diálogo persoal ou con grupos de traballo, as probas específicas..., son procedementos de utilidade cando se escollen os momentos adecuados para levalos a cabo.

Outros procedementos que se poden empregar para a avaliación ó longo do ciclo son os seguintes:

- Para avaliar contidos conceptuais
  - Actividades de definición dun concepto. Ó estudante pídeselle que defina calquera dos conceptos expostos na clase ben oralmente ou mediante unha proba obxectiva.
  - Actividades de exposición temática. Expoñer un tema ou parte do mesmo, tanto explorado e deseñado polo mesmo alumno como o exposto na aula. Tomarase en conta, sobre todo, a claridade de conceptos.
  - Actividades de análise e recoñecemento das obras musicais explicadas na clase.
  - Contestación ós cuestionarios sobre as unidades didácticas.
  - Intercambios orais entre os propios alumnos e debates.
- Para avaliar contidos procedimentais
  - Comprobar se se ten o coñecemento do conxunto de accións que definen o procedemento.
  - Saber se se coñece o procedemento de interpretar nun instrumento.
  - Ser capaz de aplicar o procedemento a unha situación concreta.
  - Saber utilizar distintos procedementos en situacións diferentes: ante unha audición, as distintas discriminacións, tonal, tímbrica, harmónica, a observación instrumental...
  - Comproba-lo grao de automatización adquirida dos procedementos.
  - Supervisa-los cadernos de prácticas.

#### *Instrumentos de avaliación.*

Para avaliar a materia poderanse utilizar os seguintes instrumentos:

- Probas escritas, podendo ser este de preguntas curtas, de tipo test, de preguntas teóricas a desenvolver, composición de pequenas pezas musicais...
- Probas prácticas coa fruta e/ou instrumental Orff da aula, individual e/ou en grupo, danzas individuais e/ou en grupo, canto grupal.
- Probas orais.
- Traballos feitos individualmente ou en grupo, podendo ser estes presentados de xeito oral diante da clase.
- Probas relacionadas co eido da informática musical (edición de partituras, secuenciadores, misturadores, composición de pequenas pezas), no que se valorará a

facilidade no manexo, os conceptos aprendidos e a súa axeitada posta en práctica, a claridade de exposición.

- Valoracións derivadas da observación directa da capacidade organizativa, presentación dos traballos, execución instrumental e evolución día a día.
- Valoración da curiosidade e interese pola materia, do comportamento, da integración no grupo de traballo, creatividade e investigación persoal.
- Outras anotacións derivadas da observación directa.

## **5. Metodoloxía.**

### *Consideración inicial*

Ante a situación de pandemia provocada polo COVID-19, e en previsión dos distintos escenarios que se poidan producir ao longo do curso, alternando a docencia presencial coa non presencial, a maioría das actividades que se levarán a cabo poderanse desenvolver nos distintos escenarios (presencial, semipresencial e/ou non presencial).

En consecuencia, o uso das TIC será o recurso didáctico de referencia, e polo tanto, o modelo metodolóxico principal que se aplicará na materia será o denominado *Clase Invertida*, de maneira que o profesorado elaborará o seu propio material didáctico, favorecendo unha educación individualizada e personalizada coa utilización de ferramentas TIC. Este modelo complementarase co de *Aprender facendo e ensinando*, onde o alumnado construíra o seu coñecemento facendo cousas con outros (traballo colaborativo), a partir da experiencia e a exploración, do ensaio e erro, da análise e a execución. Pódese dicir que se trata de converter a clase nun espazo para realizar as tarefas, mediante un traballo en equipo ou individualmente, dirixido polo profesorado. Previamente, e despois dunha explicación do profesorado, o alumnado aprende ou visualiza o contido a través de videotutoriais, documentos escritos, ligazóns de internet, referencias do libro de texto, etc.

Para a posta en práctica desta programación utilizarase a aula virtual do centro, que ofrece un amplo abanico de posibilidades, permitindo desde algo básico como un repositorio de recursos para o alumnado, ata un uso máis completo como espazo de aprendizaxe (formación en rede que permite ao alumnado interactuar entre si, acceder aos contidos, realizar tarefas e actividades con seguimento do profesorado, tanto na aula presencial como virtual).

### *Consideracións xerais*

A metodoloxía está inspirada nos seguintes criterios didácticos:

- Busca da educación integral, desenvolvendo toda a personalidade dos alumnos.
- A ensinanza adáptase ó proceso de aprendizaxe.
- Pártese do que xa teñan asimilado en anteriores niveis.

- Insístese na idea de que os alumnos deben construír os seus propios aprendizaxes dende as súas opcións básicas e elaboracións persoais, contrastadas coa obxectividade dos contidos dados en clase.

- Foméntanse os aprendizaxes significativos.

- Cultívase que aprendan por si mesmos: **aprender a aprender**.

- Tense en conta a atención á diversidade.

- Proponse unha ensinanza onde se cultive o aspecto socializador e grupal.

## 5.1. Metodoloxía específica da materia.

### *Bloques metodolóxicos*

A didáctica musical deste momento evolutivo articúlase en torno a varios eixos: escoitar música, interpretar música, a linguaxe musical, a expresión corporal, a música no tempo e a música na sociedade.

Estes eixos relaciónanse entre si e medran en espiral configurando unha liña de actuación que poden tinguirse de indagación, de experimentación... Precísase, pois, a referencia explícita dos contidos musicais da etapa (como ben pode verse en cada un dos eixos). O proceso de ensinanza e aprendizaxe nesta área debe darse sempre no contexto de situacións estritamente musicais: ensínase e apréndese dende a música mesma. Esta referencia explícita ós contidos musicais ten lugar no marco, por unha parte, do silencio, e por outra parte, da cooperación grupal. Neste censo é posible o desenrolo de capacidades tanto perceptivas como expresivas ou creativas na aula. Todo elo enriquecido grazá á comprensión e reflexión que proporciona o coñecemento da linguaxe musical.

### *O marco da música*

#### *O silencio*

Neste ciclo a música ha de concibirse como una construción sonora en relación co silencio. Esta concepción da música permitirá progresar, ante todo, na exploración do son, ó realizalo dende procesos de improvisación que se enmarcan en situacións de silencio profundo. Este procedemento garante o desenrolo de capacidades musicais tales como a atención expectante ante o feito musical, que é consecuencia do recoñecemento do silencio como continente da música, e a escoita dun mesmo e dos demais no transcurso das actividades de expresión. Permitirá tamén, como consecuencia do anterior, desenrolar una crecente sensibilidade ante o musical, un maior respecto cara a propostas musicais dos compañeiros, unha actitude tanto de autoestima e autocrítica respecto ás propias realizacións e, en definitiva, contribuirá a unha harmonía entre o grupo de alumnos que realiza a música.

#### *Cooperación grupal*

Neste ciclo a música debe plantexarse sempre como unha actividade de grupo. Isto comporta a aceptación de normas que conleva o facer música en grupo: o silencio, a atención ó director e ós compañeiros, a escoita dun mesmo e dos demais, a actuación no momento preciso... Desta forma, aprendendo a colaborar no grupo, propoñendo ideas, deixando facer, respectando outras concepcións e contribuíndo ó perfeccionamento da tarefa común, propíciase unha actuación aberta e libre na acción musical.

### *Escoitar música*

A escoita activa debe centrarse en aquela música que os propios alumnos son capaces de facer, tomando como punto de partida o marco da relación música/silencio. A partir delo, o alumno ha de desenvolver a capacidade de atender a pasaxes musicais curtos, retendo na memoria fórmulas ou xiros susceptibles de ser empregados logo como material para a improvisación ou para tarefas de análise. Servirse da notación musical e tamén de rexistros audiovisuais das obras que son obxecto de análise constitúe, neste ciclo, unha boa axuda para o progresivo adestramento na capacidade de discernir determinados procedementos musicais, tales como a repetición, a imitación ou a variación. Non esquezamos que no curso que nos ocupa, 3º da ESO, os contidos están relacionados case na súa totalidade coa historia, polo que as audicións e a análise de obras dos diferentes períodos será unha maneira fundamental de entender e asimila-los diferentes feitos musicais a través do tempo.

### *Facer música*

A interpretación é a resposta á dimensión da música como linguaxe, a través da cal pódense expresar sentimentos, ideas e individualidades. Ademais permite ó alumno entende-lo fenómeno musical en toda a súa amplitude porque por un momento pode sentirse intérprete, e ademais entenderá mellor unha manifestación musical se pode interpretala. Non se pretende coa interpretación que o alumno sexa un virtuoso de nada, nin que toque o máis rápido posible, senón que gañe en experiencia musical interpretando, disfrutando e formándose un criterio estético a través da autocrítica.

### *Expresión vogal*

A voz é o instrumento máis achegado ó ser humano. É quizais o que mellor representa a comunicación, posto que une música e linguaxe falado, co que é esencial para percibir de forma natural o poder de transmisión afectiva da música. Por elo o cantar ten que ser algo habitual para os alumnos, iso si, tendo sempre en conta cuestións tan importantes como o cambio de voz (sobre todo nos rapaces), ou o gran sentido do ridículo que presentan nestas idades, co que sería aconsellable o cantar en grupo, xa sexa pequeno ou grande. Deste modo irán paulatinamente perdendo o medo a cantar e disfrutándoo cada vez máis. Tamén pode axudar a conseguir isto o acompañamento instrumental, de maneira que se vexan respaldados e seguros e sintan que a experiencia musical é completa.

É importante que o que vaian a cantar represente unha gran motivación, adecuando as cancións a cada curso e nivel de desenvolvemento, e na medida do posible, ás preferencias do alumnado.

A calidade vogal tamén se traballará en profundidade, evitando posibles lesións e incidindo especialmente no modo de respirar, o que á vez repercutirá nos seus hábitos diarios facendo que sexan máis saudables. Ademais disto tamén é importante o traballo da hixiene vogal (vocalización, coidado das cordas vogais e resto do aparato fonador...).

Por último considerar que o canto ó unísono será a base dos obxectivos da área; a práctica polifónica será a maiores e cando a ocasión o requira, pero non será necesario como práctica habitual.

### *Expresión instrumental*

A expresión instrumental é outro dos pilares básicos da expresión musical. Por un lado favorecen as destrezas motrices, coordinación..., relacionando o son co movemento, e por outro favorece a apreciación da riqueza sonora, xa sexa a través do ritmo cos instrumentos de percusión de altura non determinada, como cos instrumentos de placas que xa permiten facer melodías, ó igual ca fruta. Ademais tamén permiten comprender en profundidade conceptos como timbre, melodía, carácter, tempo, dinámica, harmonía, plano sonoro... Tamén fomentan a interacción co grupo e a capacidade de adaptación, non só polo feito de que en grupo o alumno perde parte da súa timidez, senón que ademais permítelle darse de conta de que na música non importa o virtuosismo, senón que hai outras capacidades que poden primar máis. Como resultado disto, todo alumno pode encontrar o seu lugar e sentirse útil.

Os instrumentos que se poden utilizar son moi variados; o pilar básico será a fruta porque é o máis achegado, manexable e coa que se pode practicar. Pero é moi convinte que se utilice o maior número de instrumentos distintos posible, e que ningún alumno se encasille en ningún instrumento: poden ter as súas preferencias, e ser respectadas a veces, pero cada alumno debe de ter a experiencia máis ampla posible. Por último deberán utilizarse tamén instrumentos como a guitarra ou o piano, que na maioría dos casos serán interpretados polo profesor, que así arroupa ós alumnos de modo que nos seus primeiros pasos como intérpretes se sintan máis seguros.

A práctica de elementos técnicos da música (harmonía, melodía, fórmulas rítmicas, progresións...) deben de facerse sempre a través de cancións: nunca deben reducirse a meros exercicios repetitivos de práctica, senón traballalos sobre cancións concretas, que o profesor seleccionará en función do que queira traballar, de modo que o alumno vexa utilidade no que está facendo.

A práctica instrumental dependerá tamén en gran medida das capacidades de lectura do alumno, co que ambas disciplinas deberían de avanzar e enriquecerse paralelamente. A non ser que non sexa estritamente necesario, non se debería solfear polo mero feito de facelo cancións que non se van a interpretar logo, xa sexa vogal como instrumentalmente.

Por último, será importante tamén o coidar a posición do corpo durante a interpretación, xa que una posición errónea producirá tensións, incomodidade e mala

interpretación, e será un factor fundamental para que entendan a importancia de sentarse correctamente e ter uns hábitos posturais sans.

### *Linguaxe musical*

Sen a linguaxe musical, o anteriormente exposto non sería posible; é unha ferramenta indispensable para abordar con certas expectativas de éxito calquera interpretación vogal ou instrumental, e dará independencia ó alumno para poder interpretar por si mesmo, ou cando menos entender calquera partitura. Obviamente, o alumno entenderá mellor algo que ademais de escoitar pode ver escrito. Por elo a linguaxe musical nunca será un fin, senón un medio para chegar ó fenómeno musical con maior liberdade.

Tamén grazas á linguaxe musical entenderán as relacións sonoras máis significativas, o parentesco entre os sons e a harmonía e a adquisición de certos conceptos e vocabulario musical, pero sempre dun modo práctico, pois primará a aplicación práctica de todo elo e non a simple teoría. Por iso todos os elementos deste bloque deberán estar explícita ou implicitamente presentes en todos os demais.

### *Expresión corporal*

Estreitamente relacionada coa música encóntrase a expresión corporal, que cando está ligada a acontecementos musicais ou se produce en función dos mesmos chámase danza. É a expresión das sensacións que a música produce no individuo, co que é á vez un proceso de internalización e exteriorización, e por suposto unha forma de aprendizaxe activa, pois a través dela pódense comprender en profundidade elementos como a noción do tempo e do espazo, a altura sonora, a intensidade, os procesos formais e as formas musicais, o fraseo, o fluír da música..., pónndoos en relación cos elementos do movemento: desprazamento, estatismo, saltos, coordinación, forza, velocidade... Por todo elo é convinte o traballar tanto danza como expresión corporal. Na danza traballaranse danzas históricas, tradicionais e de salón, así como representacións escénicas de cancións, improvisacións de danzas e coreografías libres. Expresións corporais poden ser sons, ritmos e outros elementos musicais sobre os que se desenvolvan movementos de calquera tipo.

A danza ademais propicia a integración do grupo, e unha organización e capacidade de adaptación moi peculiares. Fomentarase tamén a aprendizaxe por observación. A música que acompañe o movemento deberá estar continuamente presente, sexa a través dun reprodutor ou ben en directo, cousa tamén moi recomendable, para que os alumnos teñan a sensación de estar creando un arte total.

### *A música no tempo*

Con este eixo intentarase facer chegar ós alumnos as distintas concepcións da música ó longo da historia, e como esta foi resposta ás distintas vivencias, sociedades e pensamento durante a historia da humanidade.

É interesante fomentar principalmente dúas liñas básicas:

A Por un lado, a situación sociocultural que da lugar a cada tipo de manifestación musical, co que esta parte ten un alto contido interdisciplinar (historia, historia do arte, literatura, filosofía...).

A Por outro, unha educación auditiva que permita ó alumno recoñecer e valora-las distintas estéticas da música ó longo do tempo; por elo dedúcese que unha ferramenta básica neste bloque será a audición e a escoita activa dos elementos da obra. Isto leva implícitos dous niveis, por un lado o da intelixencia, e por outro o da sensibilidade: o oído ha de ser capaz de percibir alturas, timbres, formas, dinámicas, pero tamén sensacións e sentimentos.

Estas dúas ideas están estreitamente relacionadas, pois o que se intenta conseguir é que o alumno, trala escoita atenta, poida valorar unha obra musical recoñecendo e tendo en conta os elementos estritamente musicais da mesma, e ademais considerando a realidade sociocultural desa música composta noutro tempo e lugar.

Por último, hai que ter tamén en conta que anque a escoita será a ferramenta básica, tamén o será a interpretación, que fará que interioricen máis os coñecementos adquiridos.

### *Música e sociedade*

Este é un eixo amplo e variado, que pretende reflecti-los distintos ámbitos da música na sociedade actual. Responde ás diferentes maneiras de empregar-la música, como se relaciona con outras linguaxes artísticas e como se crea, propaga, consume... Forman parte deste eixo o uso da música para distintos fins, comerciais, propagandísticos, comunicativos e incluso prexudiciais (por exemplo, plantexando o problema da contaminación acústica).

De cara ós adolescentes é un eixo moi importante, no que se intentará, por exemplo, que o alumno empece a valora-la música dende a crítica ben fundamentada ate a música de masas, para evitar así un consumo abusivo e indiscriminado.

Achégase tamén ós medios de comunicación, ás técnicas de gravación e reprodución, á importancia da música como soporte da imaxe, á valoración do intérprete e a obxectivación e valoración cualitativa das grandes estrelas... Como sempre, o eixo deberá partir de experiencias musicais concretas e activas, nunca do abstracto.

## **6. Materiais e recursos didácticos**

### **6.1. Materiais.**

Non se contempla o emprego de libro nesta materia. O profesor facilitará todo o material e apuntamentos mediante fotocopias ou copia electrónica (lapis electrónico ou envío por correo electrónico) ao alumnado.

Incluso, cando así o profesor o estime oportuno, será o propio alumnado, baixo as directrices do docente, quen confeccione o seu propio material educativo, mediante a



busca e clasificación consciente, elaboración e posta en común, e posterior avaliación tanto do material final como do proceso efectuado.

En calquera caso, existirá material elaborado polo profesorado da materia, xunto con enlaces, videotutoriais, presentacións, etc., colgados na aula virtual do centro.

## **6.2. Outros recursos didácticos.**

Xa que pola natureza propia do área de música os contidos de procedemento son os que teñen especial preponderancia, é lóxico que a metodoloxía que se siga na ensinanza musical sexa necesaria e primordialmente activa, de tal modo que o alumnado se sinta e sexa protagonista do seu proceso de aprendizaxe. Con tal motivo ha de terse sempre en conta o contexto dos alumnos, hanse de promover e valora-las aportacións froito da súa propia experiencia, hanse de ter en conta os seus gustos e preferencias, e en xeral, favorecer todo aquilo que contribúa a que o alumnado realice unha aprendizaxe significativa.

A variedade de procedementos recollidos na secuencia e a amplitude da súa formulación, garante o que haxa posibilidades para o desenvolvemento das capacidades de tódolos alumnos sexa cal sexa seu nivel e ritmo de aprendizaxe. Baseándose neses procedementos intentárase conseguir que os alumnos descubran e asimilen os conceptos propios da área para a etapa, e que pouco a pouco vaian desenvolvendo as actitudes que deben darse en toda experiencia de carácter musical. Incluso cando poida parecer que os contidos son demasiado teóricos (historia da música, teoría da linguaxe musical...), levan implícitos contidos procedimentais como son a escoita de audicións, a práctica instrumental...

Non debemos esquecer que a ensinanza da música nesta etapa está dirixida, prioritariamente, á formación integral do alumno como persoa. Polo tanto, non é unha ensinanza especializada encamiñada a conseguir virtuosos no uso dos instrumentos musicais, da voz, do movemento e a danza... Debido a elo, non se deberá esquecer algo que nunca ha de faltar en calquera aproximación musical sexa do carácter que sexa: a compoñente lúdica e de disfrute. Noutras palabras, trátase de aprender disfrutando.

Outra contribución a esa finalidade integradora da ensinanza antes citada, serán as colaboracións interdisciplinares que o profesorado deberá establecer con outras áreas, así como ter presente o tratamento dos temas transversais. Ningún alumno ha de sentirse relegado ou infravalorado no proceso de aprendizaxe; ningunha discriminación haberá de darse baseándose en posibles limitacións nas súas capacidades musicais ou en canto ó seu ritmo de asimilación e aprendizaxe. Con tal motivo, han de promoverse e potenciarse actitudes de respecto dentro do alumnado en canto ás súas habilidades, as súas capacidades expresivas e os seus gustos ou preferencias.

Isto será algo que deberá coidarse en todo momento: cando se interpreta e cando se crea música, cando se participa en grupo e cando se intervén individualmente. Neste senso, haberá que estar especialmente atento ós problemas de timidez e inhibición que se dan no alumnado destas idades ó ter que expresarse a través do canto e da danza.

A música é un medio excelente para fomenta-la sociabilidade dos individuos, que non hai que esquecer que ela vese favorecida na medida en que cada persoa síntese

segura das súas posibilidades e valora a importancia das súas contribucións. De aí que o conseguir que cada alumno se vaia facendo progresivamente máis autónomo en todo o que fai é algo que debe ser prioritario dentro da práctica musical.

Para conseguir todo o dito, o profesor ten un difícil pero interesante papel que cumprir. Debe se-lo primeiro en implicarse en todo o proceso, en animar e dinamizar coa súa participación e actitude todo o que se vaia a facer; polo tanto, é moito máis ca un mero observador. Debe crear as condicións adecuadas de confianza e liberdade imprescindibles para conseguir que os seus alumnos se expresen o máis abertamente posible. Ademais, en ningún momento debe converterse nun filtro que limite ou impida o acceso do alumnado ó coñecemento das prácticas musicais actuais e contemporáneas en toda a súa amplitude. Non hai que esquecer que na maioría dos casos esta vai a se-la única oportunidade real de que disporán eses alumnos para ter acceso a esta clase de coñecementos.

Non se desperdiciará ningunha oportunidade para facer que o alumnado participe en manifestacións musicais dentro do propio centro e en aquelas que se poidan producir no seu entorno.

Por outro lado, e sempre que se poida, haberá que prestar atención ás posibilidades musicais das novas tecnoloxías e darlles adecuada cabida xunto ós medios máis tradicionais de ensinanza.

Para lograr todo isto, o profesor non deberá rexeitar a mistura de distintos tipos de metodoloxía segundo as necesidades e requerimentos de cada situación. A imitación será moi útil en determinados momentos para conseguir unha aprendizaxe, a máis curto prazo, de cancións, pezas e danzas diversas. Pero iso non quita o que sexa de maior relevancia lograr que os alumnos poidan aprende-las dunha maneira máis completa e integral mediante o estudo de partituras, a comprensión dos elementos formais que as constitúen... Polo tanto, a aprendizaxe por descubrimento será a que máis se potencie e a que permitirá ós alumnos enfrontarse adecuadamente a aspectos como os da improvisación ou a creación musical.

Asimesmo, será de suma importancia a elección axeitada dos exemplos, fragmentos e obras musicais que se vaian a usar tanto para o desenvolvemento da percepción como da expresión.

As actividades traballaranse principalmente en gran grupo e en pequeno grupo, sen descoidar algunhas de realización individual. No primeiro caso procurarase que a composición dos grupos sexa tal que se integren alumnos con diferentes capacidades e que realmente iso redunde na realización dun traballo cooperativo.

A variedade dos contidos da etapa e a riqueza e amplitude de plantexamentos que eles implican fan totalmente necesario o contar cos medios e recursos axeitados. Non é cuestión só de cantidade, senón tamén dunha mínima calidade. Así, non é suficiente contar cunha ampla gama de instrumentos, fundamentalmente de percusión (co mobiliario adecuado para o seu correcto uso), de corda pulsada, vento e teclado, e cun número abundante deles, senón que tamén é fundamental que ofrezan unha calidade de son digna de algo tan importante como é o proceso de ensinanza e aprendizaxe musical. Xunto con eles, será de gran estímulo o que os alumnos constrúan os seus propios instrumentos, tanto sobre deseños xa existentes como de nova creación.

Pero non só se trata de necesidades instrumentais. Tamén son imprescindibles recursos como os seguintes: un equipo de son de alta fidelidade na aula, aparte dalgún o dalgúns aparatos portátiles que permitan traballar fora dela e que incorporen sintonizador de radio e gravadora; unha variada discografía que, entre outros aspectos, atenda a música do século XX en todas as súas manifestacións, e recorra todos os estilos históricos dende, alomenos, a Idade Media ata a actualidade; unha axeitada biblioteca de aula que responda a necesidades básicas de consulta...

Xunto a estes recursos, sería moi convinte poder contar cun retroproyector, unha cámara e un aparato de vídeo co seu correspondente televisor, un DVD, unha videoteca básica que, entre outras cousas, permitan o acercamento a distintas modalidades de movemento e danza; un ordenador cunha boa tarxeta de son...

Todo o anterior implica o dispor dunha aula ampla e coas axeitadas condicións de sonoridade, tanto no que se refire a unha boa transmisión de son no seu interior, como a necesaria insonorización ate dentro e ate fora dela.

As necesidades de espazo non se xustifican unicamente para dar cabida ó material antes citado. Hai algo máis importante que todo iso: non se pode pretender que os alumnos fagan ou vivan a música sen dispor do espazo necesario para cantar, tocar instrumentos, moverse e danzar... con toda liberdade e sen que para elo haxa que estar apilando nun rincón o mobiliario da aula. Nun principio, a dotación da aula na que se desenvolverán as actividades aquí programadas responde eficazmente ás necesidades comentadas. O problema que de momento suporía o feito de que os asentos non poidan apilarse para realiza-las danzas ou a práctica instrumental queda inmediatamente subsanado por o uso do ximnasio ou o pavillón municipal.

#### *A improvisación como técnica pedagóxica.*

Durante toda a historia resultou claro para tódolos pedagogos que a investigación activa por parte do alumno é esencial para a súa aprendizaxe e o seu avance profundo e real no obxecto do estudo. Así, no referente ás artes isto maniféstase aínda con máis forza, xa que é imprescindible o potencia-la imaxinación do alumno e desenvolve-la súa creatividade. Por iso, e en concreto en música, naceron sistemas metodolóxicos de ámbito internacional que propiciaron este factor da aprendizaxe musical, como foron o de Orff, Willens ou Kodaly. Por desgraza, en moitas ocasións propíciense metodoloxías musicais que traballan a costas destas facetas, pero estase volvendo a ter en conta de novo. Deste xeito, retoma importancia a **improvisación**.

A improvisación é un concepto e unha actividade esencial en calquera tipo de ensinanza musical, xa sexa en conservatorios, de cara a instrumentistas, como en secundaria, de cara a individuos que non se van a adicar profesionalmente á música pero que son potenciais afeccionados.

A improvisación supón, ademais do desenvolvemento da creatividade e o sometemento desta a xuízo estético, unha comprensión máis precisa do que é a creación musical e artística en xeral, e como a creación artística se leva aferrado ós diferentes estilos. Pero débense matizar algúns aspectos no referente ó concepto de improvisación,

e é que cando hoxe se fala de improvisación nos ámbitos educativos non se fai pensando en improvisar grandes obras cheas de virtuosismo, nin de crear música que permaneza para a posteridade, senón de expresarse de modo máis ou menos correcto na linguaxe musical, creando a partir de elementos coñecidos resultados novos. A misión do profesor é facer descubrir ó alumno estes elementos, e propicia-la súa creatividade para que os poñan en práctica e deste xeito os interioricen realmente e os fixen.

Desta maneira, podemos utilizar a improvisación en varios aspectos. No que atinxe ó entrenamiento e desenvolvemento do oído musical, a improvisación intervéñ como medio de experimentación e de proba do grado de percepción e de coñecemento da linguaxe musical. O contido da improvisación está en función do desenvolvemento auditivo mediante a experimentación e combinación dos parámetros do son e das estruturas sonoro-musicais: ritmo, melodía, dinámica, timbre, harmonía e forma.

A improvisación como manifestación expresiva espontánea ten un grande valor educativo. Por un lado, como instrumento da aprendizaxe individual viva e de observación dos progresos e das dificultades que encontran no logro das aprendizaxes. Observar como improvisan permítenos saber como aprenden, como resoven os problemas que se plantexan,... A observación do que se fai é máis rica e fiable que calquera outro contexto mediado pola verbalización. Por esta razón emprégase tanto na observación coma no tratamento musicoterapéutico. A improvisación é tamén un dos contextos máis completos da comunicación musical, onde a práctica do discurso musical sería o correspondente musical á fala cotiá e musical.

A improvisación como práctica musical (vocal-instrumental) sirve como medio de entrenamiento para conectar aprendizaxes previas e transferilos a situacións novas repentizadas. As aprendizaxes previas comprenden: as censo-motoras, as técnicas específicas, e os aspectos expresivos da interpretación musical da música como produción significativa.

En definitiva, a función da improvisación consiste en desencadear, activar, canalizar, orientar e aportar conciencia ó proceso improvisatorio.

## **7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción.**

### **7.1. Períodos de avaliación.**

#### **7.1.1. Avaliación ordinaria.**

Ao longo do curso realizaranse tres sesións de avaliación, unha por cada trimestre, coincidindo a última coa avaliación final ordinaria do mes de xuño.

#### **7.1.2. Avaliación extraordinaria.**

O alumnado que a principios do mes de xuño non acade unha avaliación positiva nalgunha das materias impartidas polo Departamento de Música, na data e hora que se acorde a finais do mes de xuño, realizarase un exame que terá dúas partes:

- Parte práctica, que constará dunha proba na que o alumno deberá de tocar coa frauta ou co instrumental Orff da aula que se lle indique unha ou varias obras (indicadas xa no mes de xuño polo departamento) do nivel correspondente.

- Parte teórica, que constará dun cuestionario sobre os contidos teóricos da materia do nivel correspondente.

A nota obtida resultará da media ponderada na que a parte práctica contará o 60% e a parte teórica o 40%. Para superar a materia será necesario unha nota mínima de 5. O alumnado que nesta convocatoria siga sen acadar cualificación positiva e promoción de curso, levará a materia pendente.

## 7.2. Criterios de cualificación.

Neste curso existirán varios procedementos que se poderán levar a cabo para avaliar ao alumnado, dos cales poderanse realizar de maneira presencial ou telemática segundo a situación sanitaria o estableza.

Cada procedemento terá a súa ponderación na obtención final da cualificación de cada avaliación. Ademais, segundo se trate de ensino presencial ou a distancia, tamén terá unha ponderación diferente. A continuación indícanse as distintas ponderacións:

Procedementos de avaliación	Peso na cualificación	Escenario	
		Presencial	Telemático
<b>Práctica:</b> Valoraranse as destrezas técnicas e interpretativas nas diferentes probas instrumentais, vocais, de danza e expresión corporal.	<b>60%</b>	<b>90%</b>	<b>10%</b>
<b>Teoría:</b> Todas as preguntas ou problemas irán numerados, e indicarse, se procede, a valoración de cada, o desconto por faltas de ortografía, o tempo para a realización da proba; e nas probas orais a capacidade discursiva, o rigor científico e a linguaxe utilizada.	<b>40%</b>	<b>90%</b>	<b>10%</b>

Estes procedementos poderán ser realizados, tanto de maneira presencial como virtual, dependendo dos distintos escenarios que establezan as autoridades sanitarias e educativas (presencial, semipresencial e/ou non presencial). No caso de que un determinado procedemento se realizase sempre de maneira presencial, a ponderación desta parte presencial será do 100%, e viceversa se se producira todo de maneira telemática.

En canto aos traballos feitos en grupo ou individualmente, ou o traballo na aula (ou na casa cando a actividade presencial quede suspendida), toda produción ou traballo entregado polo alumnado que presente indicios de ser copiado ou de elaboración non propia levará unha cualificación de cero (0).

A nota da avaliación obtérase mediante a seguinte fórmula:

$$N = 0,6 * P + 0,4 * T$$

onde:

- N: Nota final.
- P: Nota media das probas prácticas instrumentais, vocais, de danza e expresión corporal.
- T: Nota media das probas e traballos de teoría realizados, tanto individualmente como en grupo, feitos de xeito oral ou escrito.

De non facérense probas de teoría, o 100% da ponderación anterior caería na parte práctica, e viceversa.

Considérase que o alumnado supera unha avaliación cando a nota final, unha vez aplicada a ponderación a cada instrumento de avaliación, alcanza un 5.

Superarase a materia cando a media aritmética das cualificacións finais de cada avaliación sexa como mínimo un 5. Non se utilizará o redondeo nin para obter a cualificación de cada avaliación, nin da nota final da materia.

## **8. Indicadores para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.**

O proceso da ensinanza debe someterse a revisión logo dunha recollida sistemática de datos sobre o seu funcionamento, pois un desenvolvemento equilibrado do proceso non pode centrarse só na avaliación da aprendizaxe.

Para unha mellor adecuación da axuda pedagóxica á realidade do alumno, o profesor debe toma-la súa programación como unha ferramenta pedagóxica, sempre en continuo estado de revisión, ó servizo do proceso de aprendizaxe do alumnado.

Ó se-la unidade didáctica o punto de encontro co alumnado, o profesor poderá comprobar nela, tralo proceso de avaliación, a súa adecuación ó ritmo de aprendizaxe. Haberá que revisar os obxectivos didácticos e preguntarse se plantexan unha distancia pedagóxica razoable entre os coñecementos que implican e os coñecementos que os alumnos teñen con anterioridade, se recollen as capacidades expresadas nos criterios de avaliación formulados para o ciclo ou o ano de que se trate e se responden a unha análise equilibrada dos obxectivos xerais do área.

Haberá tamén que revisa-la selección de contidos que realiza a unidade. Ademais da pertinencia ou non dun contido determinado, do necesario equilibrio que debe existir entre os contidos dos tres tipos (conceptos, procedementos e actitudes), é importante ter en conta o carácter cíclico que posúen os contidos da música, sobor de todo aqueles que desenvolven a vertente expresiva do área, e calibrar ben o momento de desenvolvemento que se espera de cada un deles.

A avaliación debe ser moi sensible ó deseño das actividades, debendo revisar o grado de conexión cos intereses do alumno e alumna, así como unha variedade suficiente, a súa adecuada secuencia...

Por último, débese avalia-lo grado de emprego dos recursos da aula, tanto se se dispón ou non dun espazo axeitado, é importante para poder analiza-las causas de desaxustes na aprendizaxe.

Na avaliación de cada un dos aspectos da unidade didáctica sinalados anteriormente debe estar presente tamén a pregunta acerca da utilización de estratexias de atención á diversidade. As actividades atenden na súa variedade os diferentes ritmos de aprendizaxe? Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación, así como a utilización dos recursos materiais e a metodoloxía adoptada, teñen en conta a diversidade do alumnado?.

En definitiva, para que o profesor realice unha avaliación que lle axude a revisar eficazmente a súa programación debe poder baseala en datos obxectivos. Para o cal faise necesario sistematiza-las observacións sobre a súa actuación, e así anota-las impresións que xorden ó fio do desenvolvemento das actividades; gravar en vídeo ou audio non só un determinado montaxe musical dos alumnos, senón unha sesión de traballo, pode arrojar unha útil información para a avaliación.

Unha importante fonte de datos sobor a práctica docente provén dos propios alumnos. Para asegurar a boa utilización deste recurso, o profesor debería incluír na súa programación certas actividades como, por exemplo, organizar sesións de debate apoiadas con técnicas de animación axeitadas, dirixidas a que os alumnos expresen libremente a súa opinión sobor o ritmo de aprendizaxe ó que son sometidos, coa función de sistematizar e, por tanto, de facilita-la escoita.

## **9. Programa de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes.**

### **9.1. Materia durante o curso.**

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado levarase a cabo do seguinte xeito:

- I. A avaliación da parte práctica (execución instrumental, danza, canto...) será continua, e polo tanto a superación dunha avaliación implicará a recuperación da anterior.
- II. A avaliación da parte teórica non será continua debido ao carácter non progresivo da materia impartida, polo que no caso de que haxa algunha parte ou partes non superadas por algún alumno, poderán facerse probas escritas (exames, traballos...) nas avaliacións seguintes para que consiga a súa superación.

## **9.2. Materias pendentes doutros cursos.**

*Programas de reforzo para a recuperación das materias pendentes de cursos anteriores.*

Non hai alumnado nesta situación.

## **10. Procedementos para a realización da avaliación inicial.**

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar, e comprenderá as seguintes accións:

- a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior, en relación á materia de Música de 2º ESO.
- b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2020/2021, así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.
- c) Se se considera necesario, realizarase unha proba específica sinxela para avaliar o grao de dominio dos contidos mínimos que se consideran imprescindibles para construír sobre eles as novas aprendizaxes propias da materia. Esta proba non terá repercusión na cualificación da materia. A proba será tipo preguntas cortas.

Neste período inicial, mediante observación directa nas clases, tamén se recollerá información das peculiaridades da forma de aprender de cada alumna (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas, é dicir, manexo de procedementos) así como información sobre o grao de integración social da alumna (consigo mesma, coas compañeiras e co profesorado).

A partir da avaliación inicial, e sempre que se considerase necesario, faranse axustes curriculares no desenvolvemento da materia, de maneira que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021, e se garanta a consolidación, adquisición, reforzo ou apoio das mesmas.

## **11. Programas específicos personalizados para o alumnado repetidor.**



Para o alumnado repetidor que obtivera una avaliación negativa nesta materia establecerase un plan personalizado para poder superar as dificultades non superadas no curso anterior. Como na materia de música os principais problemas acontecen na parte práctica, este plan, en función das características do alumnado, poderá consistir nas seguintes actividades:

- Realización de actividades de reforzo da materia (na parte práctica), con partituras e exercicios axeitados ao nivel real do alumno, que lle serán facilitadas e revisadas semanalmente, ou ben (na parte teórica), coa realización de pequenos traballos que apoién os contidos nos que o alumno atope máis dificultade.
- Atención personalizada ao alumnado na hora do recreo establecida polo departamento, unha vez por semana.

A persoa titora deste alumnado deberá informar ás familias do programa que se estableza en cada caso.

## **12. Medidas de atención á diversidade.**

Un dos retos fundamentais que esta etapa plantexa ó profesorado cabe formulalo así: como dar resposta dende a comprensión ás necesidades educativas de tódolos alumnos.

Á marxe das vías específicas que permiten afrontar este reto (optatividade no segundo ciclo, as adaptacións curriculares, a diversificación curricular), a atención á diversidade dos alumnos hai que entende-la como una característica da práctica docente ordinaria, acorde cos principios metodolóxicos recollidos no Real Decreto que establece o currículo ordinario e que se formula da seguinte maneira:

*O profesor debe axusta-la axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado e facilitar recursos e estratexias variadas que permitan dar resposta ás diversas motivacións, intereses e capacidades que presentan os alumnos destas idades.*

Trátase, en definitiva, de entende-la actividade docente como un proceso no que é preciso ofrecer respostas diferenciadas en función da diversidade do alumnado.

O problema atinxe, sobor todo, á forma de ensinar e de organiza-la aula, así como á capacidade de axustar a actuación do profesor ó que son capaces de aprende-los seus alumnos, sen renunciar ós obxectivos previstos para a etapa, ciclo ou curso.

Para levar a cabo este tipo de tarefas no marco da aula ordinaria, as programacións de cada profesor deberían incluír determinados aspectos que contemplan, de forma anticipada, o tratamento da diversidade no seo do grupo-clase. É dicir, é convinte planificar un conxunto de actuacións posibles que, no proceso de ensinanza e aprendizaxe, permitan dar resposta ás diversas situacións que presenten os alumnos do grupo. Elo supón ter presente este aspecto en relación cos contidos, as estratexias didácticas, a avaliación e as actitudes.

*En relación cos contidos*

- Coñecer o nivel inicial que trae cada alumno nos distintos bloques de contido do currículo; en especial, no coñecemento da linguaxe musical.
- Adapta-los contidos de forma individualizada, mediante a aplicación metodolóxica en cada caso, tendo en conta:
  - a) O interese mostrado polo alumno.
  - b) As posibilidades de alcanza-los obxectivos propostos no currículo.
  - c) A metodoloxía participativa que intentará crear unha presión colectiva para os alumnos máis reacios ó esforzo que estimule a súa aprendizaxe.
- Controla-lo ritmo de ensinanza-aprendizaxe para aqueles que teñen unha mellor capacidade, co fin de non prexudica-lo seu avance intelectual e expresivo, e posibilitar ó máximo o aproveitamento das súas capacidades.
- Ter en conta os contidos básicos de cada unidade para establecer prioridades.

#### *En relación coas estratexias didácticas*

- Diversifica-las actividades de aprendizaxe, tanto en dificultade como en que se permitan distintas modalidades de aprender, tendo en conta os estilos de aprendizaxe.
- Agrupar ós alumnos de distintas formas na aula, de maneira que o traballo se faga individualmente ou en pequenos grupos heteroxéneos, utilizando os espazos de modo creativo e de modo que se favoreza a participación.

#### *En relación coa avaliación*

- Establece-la avaliación inicial, como práctica habitual ó principio de curso.
- Ter en conta as actividades de avaliación sumativa, tendo unha gradación das actividades que estableza unha diferenciación entre os diversos niveis de adquisición dos contidos do área.
- Propor uns obxectivos diferenciados segundo as posibilidades reais de desenvolvemento do alumno, sobor todo en aqueles casos en que se teñan alumnos de integración e de diversificación.

#### *En relación coas actitudes*

- Favorecer un espírito optimista resaltando os aspectos positivos dos coñecementos que estimule a integración do grupo e o espírito de respecto.

### **12.1. Alumnado con altas capacidades intelectuais.**

Axustar a resposta educativa para este alumnado supón ter claro cales son as necesidades educativas que presenta. Pódese afirmar que, en xeral:

- Precisa dunha ensinanza adaptada, cun enfoque multidisciplinar nun contexto educativo enriquecido e dinámico, estimulante para o seu desenvolvemento.

- Require do acceso a recursos e materiais adicionais, que deben ser planificados especificamente.
- Cómprelle flexibilidade no seu horario e nas súas actividades, polo que é conveniente que, cando sexa posible, deixemos que continúe co traballo ata que estea seguro e satisfeito coa tarefa realizada.
- Precisa participar moi activamente no proceso de ensinanza e aprendizaxe e ter a oportunidade de poder poñer en práctica as súas habilidades.
- Élle imprescindible un contorno no que se valoren as ideas creativas e orixinais, máis cá repetición dos contidos.
- Cómprelle un clima social no que se sinta aceptado, e precisa de orientación no manexo das relacións interpersoais e sociais.

En consecuencia, a sobredotación precisa, por un lado, unha resposta diferenciada e diversificada, con estratexias de ensinanza e aprendizaxe de acordo cos recursos intelectuais que manexan as persoas que a manifestan. Pero por outro lado, tamén precisa que esa resposta diferenciada sexa consecuencia dun continuo de medidas graduais que teñen o seu inicio nas medidas de atención á diversidade recollidas nos documentos institucionais do centro. As estratexias empregadas con maior frecuencia son as seguintes:

### **12.1.1. Medidas de enriquecemento.**

Estas medidas baséase na individualización da ensinanza e consisten en deseñar programas axustados ás características de cada alumno ou alumna, ao tempo que estes se manteñen co seu grupo clase. Teñen a vantaxe evidente de non producir consecuencias negativas na súa socialización. En ocasións, o enriquecemento tense entendido como a elaboración de programas paralelos aos ordinarios, que se aplicaban de xeito simultáneo a eles e que non tiñan conexión coas actividades que realizaba o resto da clase.

A día de hoxe recoméndase optar por axustes no programa ordinario, é dicir, por adaptacións do currículo que se acomoden ás súas necesidades concretas de aprendizaxe e desenvolvemento e que serán tanto máis significativas canto maiores sexan esas necesidades educativas.

Como todas as medidas de adaptación curricular, deben ser establecidas como un contínuum que vai desde as medidas máis xerais nos documentos do centro, pasando polas adaptacións da aula (na metodoloxía, nos materiais, nos agrupamentos, etc.) ata chegar á adaptación curricular individualizada, que está suxeita a unha regulación específica establecida na nosa normativa.

Na elaboración das adaptacións curriculares individuais de alumnado con sobredotación, o máis frecuente é o uso de dous tipos de estratexias:

· *As adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical:* consisten en aumentar a cantidade de contidos por aprender nunha ou varias áreas.

· *A ampliación curricular de enriquecemento horizontal:* o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, mentres que prevalece a súa profundidade e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.

### **12.1.2. Traballo por proxectos.**

A proposta dun enfoque metodolóxico por proxectos facilitará a permanencia no programa do grupo, a interdisciplinabilidade tan efectiva neste tipo de alumnado e a posibilidade dun avance persoal acorde coas propias capacidades.

### **12.1.3. Medidas de aceleración.**

Supoñen unha flexibilización do período de escolarización. Esta medida excepcional baséase fundamentalmente na competencia curricular e poderase adoptar cando se considere que os obxectivos acadados pola alumna ou alumno superan os establecidos, pero tendo en conta tamén se é unha medida axeitada con respecto ás restantes facetas do seu desenvolvemento persoal.

É unha medida que aparece recollida na lexislación galega con dúas posibilidades:

- Por un lado, anticipar o inicio das etapas educativas.
- Por outro, reducir a duración da escolaridade obrigatoria.

Esta resposta educativa só é aconsellable se, tras a aplicación doutras medidas de atención menos excepcionais, o alumno ou alumna conta coa axeitada madurez emocional e social, xa que do contrario pode aumentar a disonancia entre estes dous aspectos.

## **13. Elementos transversais da programación.**

### **13.1. Programación de educación en valores.**

O área de música contribúe de modo notable ó desenvolvemento da transversalidade pedagóxica polas súas características singulares. En particular, préstase para o tratamento dos seguintes temas transversais.

#### *Educación para a saúde e a educación sexual*

A actividade vogal, instrumental e motriz axuda de forma natural a mellorar funcións orgánicas como a respiración, o control e o dominio corporal. Os exercicios psicomotores, así como todo o relacionado co ritmo, desenvolven as funcións xerais do control neurolóxico e favorecen a harmonización e sincronización motora.

O feito de proporcionar elementos liberadores da tensión psíquica, tanto motores como emocionais, fai que a música poida empregarse como recurso de relaxación e sosego psíquico. Por outra banda, traballárase na toma de conciencia dos efectos perniciosos que poida ter para os nosos órganos auditivos o abuso das fontes sonoras.

A práctica e o estudo da música axuda a entende-las diferenzas na formación e desenvolvemento das voces tanto masculina como feminina durante a época da puberdade e permite a consideración de diversos plantexamentos relacionados coa súa idade vogal.

#### *Educación para a igualdade de oportunidades*

A práctica da música no aula proporciona unha excelente oportunidade ó pedagogo para favorece-lo respecto mutuo entre os sexos apreciando ó mesmo tempo as súas diferenzas. As coreografías, a danza, o canto, entroncándose no aspecto mutacional da idade, onde a imaxe diferenciativa persoal cara os demais comeza a tomar forma, convértese en elementos integradores e igualadores de convivencia e de traballo en equipo co soporte do mundo sonoro musical.

#### *Educación do consumidor*

Na vida diaria encontrámonos co que mercar, como e cando. A educación musical pode servir para crear criterios de selección respecto ás adquisicións de gravacións, instrumentos e asistencia a espectáculos. Axudarase así ó alumno a tomar conciencia do feito comercial e controlalo dende as propias opinións e gustos.

#### *Educación ambiental*

A forte invasión sonora que produce o noso entorno fai necesaria unha toma de conciencia da mesma que evite as repercusións negativas de tal abuso. O respecto ó espazo sonoro dos demais e o uso correcto das fontes de son proporcionan un ámbito de traballo moi necesario no aula.

#### *Educación para a convivencia*

O área de música permite plantexar un elevado número de contidos actitudinais baseados no respecto ós gustos musicais dos demais, ademais de dáno-la oportunidade de presentar e respectar opinións de todo tipo en debates relacionados co feito musical e participar en actividades que nos permitan exercitar as normas de convivencia baseadas no respecto ós demais, o material do aula...

#### *Educación para a paz*

A música converteuse nun vínculo internacional entre as xeracións e países. A comprensión das culturas alleas a través da audición, a práctica musical e a danza, así

como o análise das distintas funcións sociais da música en cada cultura proporciona os criterios necesarios para comprender mellor ós demais e dese modo a nós mesmos, abrindo así canais de comprensión e comunicación que nos acheguen ós outros pobos.

### *Educación vial*

Os problemas de contaminación sonora e as distraccións que poidan ter a súa orixe no uso inaxeitado da música mentres circulamos, xa sexa coma peóns ou coma condutores, o uso inaxeitado de auriculares..., poden ser tratados en relación cos contidos do área.

### **13.2. Tratamento do fomento da lectura.**

O Departamento de Música, tendo en conta o plan lector do centro, e para potenciar o fomento da lectura entre o seu alumnado, proporá as seguintes actividades nas súas clases:

1. Lectura e explicación por parte do profesor daqueles aspectos teóricos de cada tema, ben sexan históricos, instrumentais..., coa posterior elaboración de resumos, esquemas... para unha mellor comprensión e facilitación da aprendizaxe significativa.
2. Comentarios de audicións e/ou vídeos musicais, reflexionando sobre o visto e/ou escoitado, sobre a estrutura musical e estética, e interpretándoo de xeito oral ou escrito, para chegar a unha comprensión global.
3. Lectura de textos recollidos en libros, revistas ou prensa relacionadas coa música.
4. Realización de traballos de investigación sobre compositores e grupos musicais, así como bandas sonoras de cine e diferentes pezas, ben do patrimonio galego, coma do resto do mundo.
5. Elaboración dun vocabulario específico de música.

### **13.3. Tratamento do fomento das T.I.C.**

O Departamento de Música, para ter en conta o plan TIC, potenciará ditos recursos na aula mediante o emprego de programas informáticos relativos á música coma secuenciadores (Cakewalk), editores de partituras (Encore, Finale), misturadores (T-Racks)..., así coma outros de tratamento de arquivos de son (mp3, midi e wave), ben sexa no campo da gravación, mistura e edición de son externo, ou mediante os arranxos, mistura e edición de cancións preexistentes.

Mais non só se potenciarán no campo dos equipos informáticos, senón todos aqueles equipos electrónicos e de novas tecnoloxías que teñan que ver coa música, ben sexan instrumentos electrónicos (guitarra e baixo eléctricos, teclados e sintetizadores, caixas de ritmos...), sistemas de reprodución de son (cadeas, mini-cadeas, reprodutores de mp3 e mp4, DVD...) e sistemas de amplificación, modificación e mistura (mesas de mistura, pedais de efectos e multiefectos, amplificadores, altavoces, cableados...).

Para elo, en todos aqueles cursos que así o especifique na súa programación, facilitaráselle aos alumnos os programas a empregar (e cos que deberán practicar na casa), así coma as nocións básicas, suficientes e necesarias para un bo aproveitamento, de xeito seguro (non esquezamos que se trata de aparellos electrónicos), de todo o material co que se traballe.

#### **13.4. Tratamento do fomento da convivencia no centro.**

O Departamento de Música, tendo en conta o plan de convivencia do centro, propón as seguintes medidas:

1. Contribuír á labourea de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe entre alumnado e profesorado.
2. Detectar o antes posible conflitos que poidan xurdir na aula para resolvelos de xeito pacífico e a poder ser consensuado.
3. Establecer normas de funcionamento e organización das clases dentro dos espazos reservados para música (aula e salón de actos).
4. Motivar ao alumnado para que interiorice a cultura da paz, do diálogo e da mediación.
5. Fomentar o respecto entre todos os membros da comunidade e a integración de todos os alumnos no centro.
6. Fomentar a realización de actividades que potencien o respecto á diversidade.

#### **13.5. Contribución da materia ao proxecto lingüístico.**

O Departamento de Música levará a cabo as seguintes propostas ao respecto:

1. Respetarase a lingua establecida polo proxecto lingüístico para a docencia da materia.
2. Empregaranse as medidas de apoio e reforzo establecidas para o correcto uso lingüístico educativo, para acadar o obxectivo de fomento do plurilingüismo.
3. Visualizaranse vídeos musicais ou películas cuxa banda sonora sexa de interese para a asignatura na súa lingua orixinal e subtitulada.
4. Elaboración dun vocabulario específico de música na súa lingua orixinal (xeneralmente italiano), e coa súa tradución ás linguas oficiais da Galiza.
5. Elaboración dun repertorio de música tradicional galega, a recoller polo alumnado e supervisado polo profesor correspondente, en Chantada e arredores, para preservalo e empregalo en anos vindeiros, ben nas clases de música, ben onde e por quen sexa preciso.

### **14. Actividades complementarias e extraescolares para o curso 2021/2022.**

- Varios concertos didácticos, con data aínda por determinar para toda a comunidade educativa, e a celebrar no Pavillón municipal.
- Colaborar coa Directiva, Departamentos e Proxectos do centro nas actividades nas que se requira a presenza do Departamento de Música, tal como se ven facendo nos pasados cursos.

### **15. Procedementos de revisión, avaliación e modificación da programación.**

Ao finalizar o curso en xuño, o departamento elaborará unha memoria final onde se recollerán os seguintes puntos en relación a esta materia:

- Porcentaxe do cumprimento da programación.
- Xustificacións da parte da programación non impartida.
- Modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.
  - Motivos das modificación feitas.
  - Propostas de melloras para a programación didáctica do próximo curso.
  - Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.

Tamén se lle pasará ao alumnado, nos últimos días de clase, un cuestionario para que escriban o seu parecer sobre o curso: que foi o que máis e o que menos lles gustou, con que parte da materia se sentiron máis e menos cómodos, que problemas tiveron coas explicacións por parte do profesor..., e todo o que queiran aportar para ter tamén a súa visión de como se desenvolveu a materia durante o curso.